


Tour de forcé



VICENTE ARAGUAS



A OUTRA VOZ
VERÓNICA MARTÍNEZ
DELGADO E ALBERTE
MOMÁN

Premio de Poesía Erótica
Illas Sisargas. Concello de
Malpica. Caldeirón, Malpica
2015

Verónica Martínez Delgado, soa ou acompañada (neste caso por Alberte

Momán, con quen asina o libro que teño diante miña), é personaxe recorrente no Premio de Poesía Erótica “Illas Sisargas”, convocado ano tras ano por Caldeirón e máis o Concello de Malpica, cunha tenacidade merecente de todas as loanzas. (E unha letra pequena, dígase tamén, á hora da edición dos libros, indigna de cidadáns prósbitas, como non é o meu caso, pero case).

O libro que agora teño nas mans leva por nome *A outra voz* (Caldeirón, Malpica, 2015), e vén sendo, como digo, un “tour de forcé”, unha volta de tornelo, un rizar o rizo nunha poesía, a erótica, na que todo está dito xa. E por iso.

Por certo que me dicía o gran novelista español Guelbenzu, ao tempo que rexeitaba as miñas loanzas por unhas páxinas sumamente eróticas da súa novela *La noche en casa*: “Desengañese, joven, estas cosas son para hacerlas y no para escribirlas”.

Unha teoría, e fin. A de Verónica, e Alberte para o caso, é outra. E fan ben. Tan ben polo menos como Guelbenzu cando di que non volvería describir coitos tan prolíxos como os da súa novela. Neste libro de Martínez Delgado e Momán. IX Premio Illas Sisargas, o que se describe é o que vén despois da cópula, cando esta produce froito.

O tratamento xinecolóxico, asép-

“A poesía ten moitas utilidades, non a menor a de recompoñer figuras e estados de ánimos. O da protagonista deste libro, en estado de desfeita. Rematando a historia (isto é igualmente...”

“Verónica Martínez Delgado, sóa ou acompañada (neste caso por Alberte Momán...), é personaxe recorrente no Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas...”

logo) á muller que leva xa dentro un embrión, desexado ou non.

Eis a historia que aquí se nos conta, nun libro de poemas épico (por narrativo), no que a protagonista rula (rola) por espazos durísimos nos que os autores despregan unha estratexia léxica monográfica, con elementos mesmo descarnados que proceden da mesma familia semántica, quer médica, quer corporal. Polo medio, como interludio, a recuperación/ exaltación da libido como xeito e maneira de ultrapasar os abismos. Por aí este libro de poemas que pode servir tamén como terapia ou de enguedello sanador.

A poesía ten moitas utilidades, non a menor a de recompoñer figuras e estados de ánimos. O da protagonista deste libro, en estado de desfeita. Rematando a historia (isto é igualmente narrativa, xa se dixo) atopamos unha muller palestina como vítima propiciatoria da situación que se nos describe, con grande economía expresiva pola parella Martínez Delgado&Momán. Daquela as aldraxes corporais choutan en paralelo coa humillación histórica por un pobo que ten mudado nun dos meirandes parias da terra.

Eis outro “tour de force”, volta de tornelo, “rizar o rizo” por parte duns autores intelixentes que non queren senón tomar aos lectores como xente lúcida (e locida) prestos a arriscar na lectura. Para o caso unha lectura nada “soft”, senón –máis ben– agresiva. Cal o tema concita-

do. tico e xa que logo brután, que “pode” (non necesariamente, desde